

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**10153** *Real decreto 1039/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.*

O Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, estableceu a normativa básica en materia de substratos de cultivo e as normas necesarias de coordinación coas comunidades autónomas.

Na súa disposición derradeira cuarta establécese que o capítulo II e os artigos 14 e 15 do capítulo III entrarán en vigor dezoito meses despois da súa publicación, é dicir, o 14 de xaneiro de 2012. O capítulo II contén as disposicións relativas ao envasado e á identificación dos substratos de cultivo. A súa aplicación implica que as etiquetas deberán ir impresas ou fixadas ao envase ou ao seu sistema de peche e conterán a información establecida no anexo II.

O Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, cubriu o baleiro existente na regulación dos substratos de cultivo, posto que, ata o momento, non existía ningún tipo de normativa nin nacional nin comunitaria específica sobre estes produtos.

Na situación actual de crise económica, a aplicación destas disposicións supón un gran prexuízo para o sector produtor español. Os cambios no envasado e na etiquetaxe dos produtos que comporta o real decreto implican importantes investimentos económicos en novos materiais e a adaptación de maquinarias para modificar o que se viña facendo ata a data.

Mediante este real decreto procédese a modificar o Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, para posibilitar o cumprimento das disposicións sobre etiquetaxe e adaptación, temporalmente, aos usos posibles na industria actual sen reducir a cantidade e calidade da información que se proporciona ao usuario. Igualmente, e polas mesmas razóns, modifícase o anexo II do citado real decreto para corrixir unha errata e para facilitar a presentación de determinados elementos cuxa declaración é obrigatoria, variando unicamente a súa posible localización na etiqueta ou no envase.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo.*

O Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha disposición transitoria única ao Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, co seguinte contido:

«Disposición transitoria única. *Normas de etiquetaxe.*

Non obstante o previsto no artigo 9, ata o 1 de xaneiro de 2014 poderase substituír a etiqueta por un documento de acompañamento que sempre deberá ser entregado xunto con cada produto envasado. Unha copia destes documentos de acompañamento deberá ser accesible aos organismos de control.

Dous. O anexo II, «Identificación e etiquetaxe», queda modificado como segue:

a) O inciso que sinala:

«As identificacións e mencións obrigatorias da epígrafe A.  
As identificacións e mencións opcionais da epígrafe B.»

Queda substituído polo seguinte:

«As identificacións e mencións obrigatorias do número 1.  
As identificacións e mencións opcionais do número 2.»

b) No número 3, «Presentación da etiquetaxe», elimínase a letra f) e o parágrafo segundo, que sinala:

«As indicacións de etiquetaxe opcionais poden figurar no interior do cadro. Convén colocalas en orde lóxica ao lado das indicacións de etiquetaxe obrigatorias. Por exemplo: o volume de aire a continuación da densidade aparente seca.»

Queda substituído polo seguinte:

«As indicacións de etiquetaxe opcionais do número 2 e a identificación obrigatoria da partida ou lote do número 1 poden figurar tanto no interior do cadro como fóra del. É conveniente colocalas en orde lóxica ao lado das indicacións de etiquetaxe obrigatorias.»

**Disposición transitoria única.** *Aplicación retroactiva.*

O disposto neste real decreto será de aplicación a todos os procedementos administrativos en que non se ditase resolución firme en vía administrativa no momento da súa entrada en vigor, naquilo que sexa máis favorable para os cidadáns, e estes poderán achegar nos ditos procedementos o documento de acompañamento substitutivo previsto na disposición transitoria única do Real decreto 865/2010, do 2 de xullo, relativa ás normas sobre etiquetaxe.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «*Boletín Oficial del Estado*».

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN